

A/A DE TÓDOLOS CLUBS DE TRIATLON

Estimados amigos:

Como en anos anteriores a Federación Galega de Triatlón convoca dentro do seu programa de tecnificación o Encontro de Triatletas, que se realizará como é costume na Semana Santa.

O obxectivo fundamental deste encontro é acadar un ambiente agradable de convivencia entre tódolos nosos deportistas, gozando ó mesmo tempo do deporte que nos une.

O encontro vai dirixido a categorías desde alevín a Junior e sempre nos é grato contar coa presenza de técnicos, unha vez máis lembramos que sería bo contar coa participación cando menos dos técnicos dos clubs para intercambiar opinións e experiencias.

CONVOCATORIA DE ENCONTRO DE MENORES

Dirixida a : **Deportistas federados ou mutualizados/as en duatlón escolar**
Categorías (Alevín/infantil/cadete/xunior)

Lugar:
Albergue de A Lanzada.

Datas e horarios:

Incorporación: día 29 de marzo a partir das 16:30h.
Saída: día 1 de abril ás 16:30 h.

Lugar de Inscripción: Federación Galega de Triatlón
Ata o 24 de marzo, mércores.

Custe da Inscripción a aboar polo participante: 45€
A Federación aboa coma tódolos anos subvenciona algo máis doutro 50% do custe total e cubrirá os importes de aloxamento, limpeza e actividades. A cota dos participantes irá destinada a sufragar os gastos da comida e por iso se aboará directamente na propia concentración

Responsable técnico Luis Piña Refojos
(acudirán os outros catro técnicos da Fegatri)

Para calquera dúbida podedes contactar coa Federación Galega a través do teléfono 982 251345 ou do correo electrónico, fegatri@hotmail.com

Aproveitando a ocasión recíbide un cordial saúdo, en Lugo a 15 de marzo de 2010.

Asdo. Mónica Flores Ferreiro
Secretaría Xeral